

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE XUÑO DE 2019

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

LIC/1876/2017.- **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Conceder licenza para acondicionamento de plantas en garaxe do inmovible sito na rúa Home Santo (do), 43-45 e rúa Tomiño (do), 20 – 2C e remitir copia da resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

LIC/615/2018.- **MIRIAN MIRAMONTES BORRAJO.-** Conceder licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Carricova (da), 4.

LIC/1542/2018.- **JOSÉ RAMIRO GONZÁLEZ MILLÁN.-** Conceder licenza para a instalación dun ascensor individual nun edificio de vivendas situado na rúa Cancelas (das), 85.

LIC/13/2012.- **JULIO REY DOCE.-** Aceptar a cesión de terreo para viario e espazos libres de 21 metros incluída na escritura de cesión e conceder licenza de obra nova para edificio de oficinas sito na rúa da Estrada, 33.

LIC/1635/2018.- **JOSÉ ALBERTO PAZOS FERREIRO.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública de data 26/09/2018 e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar Queiroal (O).

LIC/797/2018.- **ELISARDO JESÚS FERNÁNDEZ VILLANUSTRE.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada con alpendre e piscina en lugar de Codesedas, Chanceira.

LIC/1098/2018.- **MARÍA SALOMÉ GIL MOURE.-** Conceder licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda situada na rúa Campo da Angustia, 17 A.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da licenza para acondicionamento de plantas en garaxe do inmovible sito na rúa Home Santo (do), 43-45 e rúa Tomiño (do), 20 - 2C; e remisión de copia da resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. LIC/1876/2017. Concédese a licenza para a citada actuación, cun orzamento de execución material de 255.587,25 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Carricova (da), 4. LIC/615/2018. Apróbese a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da licenza para a instalación dun ascensor individual nun edificio de vivendas situado na rúa Cancelas (das), 85. LIC/1542/2018. Apróbese a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de terreo para viario e espazos libres de 21 metros incluída na escritura de cesión, e concesión de licenza de obra nova para edificio de oficinas sito na rúa da Estrada, 33. LIC/13/2012. Apróbese a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública de data 26/09/2018, e concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar Queiroal (O). LIC/1635/2018. Apróbese a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, e concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada con alpendre e piscina en lugar de Codesedas, Chanceira. LIC/797/2018. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda situada na rúa Campo da Angustia, 17 A. LIC/1098/2018. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da solicitude dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior perante a secretaría xeral de financiamento autonómica e local, dependente do Ministerio de Facenda. Apróbase a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á aprobación da liquidación provisional pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa "AUTOCARES RÍAS BAIXAS, S.L." correspondente ao ano 2018. Apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2018 para a empresa Autocares Rías Baixas SL por un importe de 236.621,35 euros. Tendo en conta que en pagos a conta aboáronse á empresa a cantidade de 197.438,04 euros, quedaría pendente a cantidade de 39.183,31 euros.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á aprobación da liquidación provisional pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa "AUTOS GRABANXA, SL" correspondente ao ano 2018. Apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2018 para a devandita empresa por un importe de 61.301,36 euros.**

**12.- Proposta da concelleira delegada da rede de Centros Cívicos relativa á aprobación dos prezos públicos das actividades específicas das mañás de verán dos campamentos realizados nos centros cívicos urbanos e rurais do día 1 ao 31 de xullo de 2019. Apróbanse os prezos públicos das actividades de verán, que serán de 80 euros polo mes completo e de 40 euros pola quincena. Apróbase tamén aplicar un desconto do 50 por cento cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen; un desconto do 20 por cento cando participen dous ou máis irmáns no programa; e un desconto do 100 por cento para familias nas que os dous membros estean desempregados ou en situación de risco social.**

**13.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta**

**14.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.**

**15.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, exercicios 2019 e 2020. Apróbase a solicitude, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de cadansúa subvención para cubrir o 100% dos custos dos cursos que se impartirán no centro de San Xuáns de Aríns (Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica; operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas; instalación de elementos de carpintaría; e montaxe e mantemento de redes de auga); o 100% dos custos que se impartirán no CERSIA (Xestión integrada de recursos humanos; asistencia á dirección; e xestión contable e xestión administrativa para auditoría).**

**16.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación da subvención concedida pola Xunta de Galicia para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, exercicio 2019. Acéptase a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 6.400 euros para a contratación de dous socorristas para as praias fluviais de Tapia e O Refuxio.**

**17.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal (en virtude das competencias delegadas por decreto da alcaldía de data 28.6.17), relativa á prórroga do contrato para a prestación de servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da**

**contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.** Acórdase prorrogar o contrato suscrito coa empresa Agro Nerga SL para a prestación do citado servizo polo prazo dun ano, a contar desde o 27 de xuño de 2019,

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á nova concesión de uso das hortas urbanas do campo das Hortas.** Acórdase abrir o prazo para formular a solicitude para a concesión de uso das hortas urbanas do Campo das Hortas, desde o 10 ao 21 de xuño, ambos incluídos.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á nova concesión de uso das hortas urbanas municipais de Belvís de Abaixo.** Acórdase revogar as autorizacións de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo e abrir o prazo para formular as solicitudes de nova concesión de uso desde o 10 ata o 21 de xuño, ambos incluídos.

**20.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do contrato privado con SWEET NOCTURNA, S.L. da actuación do grupo EELS no Auditorio de Galicia o 8 de setembro de 2019.** apróbase a contratación a Sweet Nocturna da organización do concerto do grupo EELS, previsto para o 8 de setembro de 2019 no Auditorio de Galicia.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización da redacción dun proxecto modificado das obras de reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. FEDER, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.** Autorízase a redacción dun proxecto modificado das obras de reurbanización, no que respecta á aparición de terreos de rocha non previstos no estudo xeotécnico e á modificación da rasante da rúa Pisón por mor duns axustes solicitados por Unión Fenosa para a conexión da nova rede. O incremento de custo das obras está estimado no 9%.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da contratación a CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA. para as actuacións de MILLADOIRO e LEILÍA na Praza da Quintana o 25 de xullo de 2019.** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o obradoiro de emprego dual CREAS II.** Apróbase o proxecto de obradoiro de emprego CREAS II, que contempla a execución da rexeneración do Monte Viso, melloras selvícolas en Pedra Castro, apertura e mantemento de vías forestais e elaboración e mantemento de páxinas web; e acórdase solicitar unha subvención á Xunta para o seu desenvolvemento.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Réxime Interior relativa á autorización do cambio de denominación social dunha empresa concesionaria.** Acórdase autorizar o cambio de denominación social da sociedade Valoriza Servicios a la Dependencia SL para pasar a denominarse SACYR SOCIAL SL

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda, con competencias en Contratación relativa á prórroga do alugueiro do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, para o seu uso como sede de oficinas municipais de Contratación.** Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2019 ata o 14 de xuño de 2020. O arrendador e o Concello acordan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 888,79 euros.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda, con competencias en Contratación relativa á prórroga do alugueiro do local nº 5 da rúa Presidente**

**Salvador Allende, nº 6-8, para o seu uso como sede de oficinas municipais de Contratación.** Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2019 ata o 14 de xuño de 2020. O arrendador e o Concello acordan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 997,65 euros.

**5.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á ratificación da cesión da praza nº 13 do aparcamento da rúa Romero Donallo.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do contrato de servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019, Programa de conciliación do departamento de educación e cidadanía do concello de Santiago.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Actividades Lúdicas Galicia SL, que oferta un importe de 14,75 euros/día para a modalidade de quendas e un prezo de 17,25 euros/día para a modalidade de días soltos.

**8.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación do convenio de colaboración entre o concello e a Deputación provincial da Coruña para financiar o programa piloto para implantación do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral,familiar e persoal da ludotecas das Fontiñas localizada no espazo educativo “MARÍA MIRAMONTES”, durante 2018-2019.** Dáse conta.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de educación relativa á solicitude de prórroga das actividades e xustificación do convenio entre o Concello e a Deputación provincial da Coruña para financiar a posta en marcha do espazo educativo e de lecer MARÍA MIRAMONTES.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aceptación da axuda da Deputación Provincial da Coruña para financiar os investimentos, pago a provedores e gastos correntes incluídos no POS+2019.** Acórdase aceptar a subvención concedida ao abeiro do POS+2019 por un importe total de 856.242,01 euros.